

O CORPO ABERTO

Ángeles Huerta, 2022

1038

ESTREA EN NUMAX: 09.12.2022 | V.O. | +16

1909. Miguel, un profesor mozo, é destinado a unha pequena vila de montaña na fronteira entre España e Portugal: Lobosandaus, unha aldea inhóspita e de tradicións ancestrais. É un home de razón, pero non pode controlar os seus desexos paixonais e, conforme se achega o inverno, sente como a escuridade se apodera de todo arredor del á vez que medra a súa fascinación pola enigmática Dorinda. Nun lugar dominado pola superstición, a estraña morte dun veciño da aldea libera un espírito libre en busca dun corpo que lle permita seguir coa súa existencia, que levará a Miguel a cuestionar os límites entre o mundo dos vivos e os mortos.

«Un folk á feira umbrío, atmosférico e perverso que mestura as heranzas de Henry James e Valle-Inclán (...) O mellor papel até a data de Tamar Novas»

Pablo Vázquez, FOTOGRAMAS



Entrevista con Ángeles Huerta: «O filme tivo unha cocción lenta, como a do cocido galego ou a da fabada»

Por Fran González

Ti es unha directora asturiana afincada en Galicia. Xa nos deixaches ver o teu interese por Galicia en *Esquece Monelos* (2016) e agora volvémoslo ver, achegándote á narrativa de Xosé Luís Méndez Ferrín. Ferrín foi terriblemente xeneroso cedéndonos a súa obra, esa xenerosidade que só teñen os grandes. É un dos últimos clásicos vivos que nos quedan na literatura galega e un dos escritores máis importantes da segunda metade de século. Ademais, é un gran cinéfilo e entende perfectamente o que é unha obra cinematográfica e o que é un relato literario. Iso outorgoume unha gran liberdade para ampliar algunhas tramas paralelas ou introducir personaxes que non estaban inicialmente. Soa irónico, pero o relato é en grao sumo anti-cinematográfico xa que orixinalmente é un relato epistolar, un recurso que só manteño ao principio e ao final da fita. Estivemos constantemente en contacto con el, pasámoslle unha primeira versión do guión e unha última, porque tampouco quixemos abusar da súa atención. Chegou un momento no que simplemente me dixo “fai ou que queiras, pero fai unha boa película” [risas].

Dirías que ocasión hai unha certa reivindicación lingüística n'*O corpo aberto*?

Realmente non. Non o pretendín con *Esquece Monelos*, onde tan só quixen contar o proceso de demencia do meu pai e a historia da cidade, nin tampouco o pretendín n'*O corpo aberto*, que é unha película moi arrebatada, e moito máis paixonal. Con todo, o cinema que facemos reflicte as persoas que somos, e tamén o país que queremos. Creo que o país que se retrata no cinema español é moito mellor que o que vemos nos telexornais e ten moito máis que ver co país que realmente temos. Un país de contrastes, cheo de matices riquísimos que se contradín entre si e que son maravillosos. Ademais, nesta película sobre todo pretendíase reflectir a lingua que se fala nunha fronteira, que é a que se quere e a que boamente se pode, utilizando esta para o que realmente serve, que é para comunicar, e non para lanzala á cabeza a ninguén. Pero esa finalidade é posterior, por suposto, e a intención inicial foi meramente artística.

Como foi vender unha película en tres linguas distintas a investidores estranxeiros?

É unha condena á que o cinema independente está xa afeito, e tristemente, é unha realidade que practicamente ningunha fita desta índole é capaz de financiarse por si mesma se non a co-produces ou a levas a laboratorios internacionais para mozos produtores e cousas polo estilo. Asumímolo como quen se adapta ás condicións climatolóxicas en plena rodaxe, incorporándoas ao noso proxecto e enriquecéndoo co que nos foi achegando o feito de levar a proposta de aquí cara alá. Foi unha cocción lenta, como a do cocido galego ou a da fabada.

As abellas, a árbore, o desenlace de Martín, os proídos nerviosos de Don Miguel... a película deixa bastantes cabos soltos e aposta por un terror moi subxectivo. Gústache suxerir máis que dalo todo mascado? Como espectadora, gústame que particularmente me traten como unha adulta, así que cando me toca rodar tamén tento tratar así os espectadores. Hai algo na historia moi poético, e son precisamente eses cabos soltos que mencionas ti, ese non saber do toda a orixe e o desenlace dalgúns personaxes... En canto ao das abellas, hai unha tradición da Galicia rural, chamada danza do abellón, datada de principios de século XX, onde os asistentes aos velorios collíanse das mans entre eles e facían unha sorte de roda da pataca arredor do cadaleito mentres emulaban o zumbido das abellas. Entraban nunha especie de transo colectivo que lles axudaba a dixerir a dor, e que ademais complementaban coa particular nota de que o primeiro que sentase sería o próximo en falecer. Pareceume fascinante e gustoume moito a idea de incorporalo ao desacougo da película.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Arraianos,
Xosé Luis Méndez Ferrín.
Xerais, 2004